

SANTIAGO

O CAMIÑO

RELIXIÓN
CEIP XESÚS GOLMAR - LALÍN

SANTIAGO, O CAMIÑO

INDICE

HISTORIA DO CAMIÑO DE SANTIAGO

SANTIAGO O MAIOR: O FILLO DO ZEBEDEO

SANTIAGO EN GALICIA

A CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ORIXE

O PROXECTO ROMÁNICO (1075-1211)

AS ICONOGRAFIAS DE SANTIAGO

AS PEREGRINACIÓNS A COMPOSTELA

OS CAMIÑOS DE SANTIAGO

RUTAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN ESPAÑA

O CAMIÑO DE SANTIAGO EN GALICIA

A VIA DA PRATA

BIBLIOWEB

ACTIVIDADES PARA EDUCACIÓN INFANTIL

ACTIVIDADES PARA O PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

ACTIVIDADES PARA O SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

ACTIVIDADES PARA O TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

HISTORIA DO CAMIÑO DE SANTIAGO

SANTIAGO, O MAIOR: FILLO DE ZEBEDEO

Os Evanxeos amósannos a Santiago como un dos primeiros discípulos de Xesús, e formando parte (con Pedro e Xoan) do grupo máis cercano ó Mestre.

O Evanxeo de San Mateo cóntanos como Xesús escolleu ós seus primeiros discípulos: "*Camiñando pola ribeira do mar de Galilea, viu a dous irmáns: Simón, chamado Pedro, e Andrés; pescadores estaban largando o aparello no mar. Díxolles: - Vide comigo, e e fareivos pescadores de homes. Eles deixaron o aparello, e seguírono. Máis adiante atopou outros dous irmáns: Santiago e Xoan, fillos de Zebedeo, que estaban co seu pai na barca. Tamén os chamou, e eles coa mesma deixaron a barca e mais a seu pai e seguírono.*" (Mateo 4, 18-22)

Santiago, como acabamos de ver era pescador no mar de Galilea, fillo de Zebedeo e de Salomé, e irmán de Xoán (o Evanxelista). É coñecido como Santiago o de Zebedeo e Santiago o Maior, para diferencialo doutro apóstolo que tamén se chama Santiago, Santiago o Menor ou de Alfeo.

Os evanxeos relatan que Santiago tivo que ver có milagre da filla de Jairo. Santiago o seu irmán Xoan e Pedro son os discípulos que acompañaron a Xesús nos momentos máis importantes, como na transfiguración e na oración no horto de Xetsemaní, tamén se lle aparece Xesús despois de resucitar (1Co 15,7).

Santiago predicou o Evanxeo en Xudea e Samaría. Aínda que non figura no Novo Testamento, segundo unha antiga tradición predicou tamén en España (anos 36-39), e formou a primeira comunidade cristiana en Galicia. Logo, en Zaragoza, para darlle ánimos na súa predicación, aparecéuselle o Virxe no lugar no que despois se levantaría a Basílica do Pilar.


Foi decapitado en Xerusalén por orde de Herodes Agripa I, convertíndose no primeiro apóstolo que sufriu o martirio. "*Por ese tempo o rei Herodes botou man dalgúns membros da Igrexa, para os maltratar. Despois de matar a espada a Santiago, e vendo que iso lles agradaba ós xudeus, mandou prender tamén a Pedro.*" (Feitos dos Apóstolos 12, 1-3). Tendo en conta que Herodes Agripa I morreu no ano 44, esta persecución e a morte de Santiago hai que situala entre os anos 41-44.

SANTIAGO EN GALICIA

Conta a tradición que despois da súa morte, o seu corpo foi recollido por dous dos seus discípulos, Teodoro e Atanasio, e colocado nunha nave, que despois de sete días de navegación arribou nas costas galegas de Iria Flavia, cerca da actual vila de Padrón; logo os restos do Apóstolo foron levados nun carro de bois a un terreo onde foron enterrados, sito no lugar onde moitos séculos máis tarde sería atopado e acabaría construíndose a Catedral de Santiago de Compostela.

As guerras, e as invasións de suevos, godos, visigodos, e musulmáns, serían a causa de que os restos do Apóstolo se mantivesen agochados durante séculos.

Según a tradición foi ó redor do ano 820 da era cristiana, cando un ermitán, que se chamaba Paio, viu no lugar de Solovio, no bosque de Libredón, -onde hoxe se atopa Santiago de Compostela, luces prodixiosas, que semellaban unha chuvia de estrelas nun pequeno lumbeiro. E comunicóullo ó bispo de Iria Flavia (lugar que hoxe se chama Padrón. Teodomiro -que así se chamaba o bispo- foise alá con un grupo de fieis, seguindo un camiño que lles ía marcando unha estrela, e deron cunha cova, na que atoparon unha arca de mármore, dentro dela estaban os restos do Apóstolo Santiago o Maior, o fillo de Trono, evanxelizador de España. Alí, naquel campo a onde os levou a estrela (Campus Stellae), nacería Santiago de Compostela entorno á Catedral.



A CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Catedral de Santiago de Compostela-Fachada do Obradoiro

Na Catedral de Santiago de Compostela consérvase o sepulcro cos restos do Apóstolo Santiago. No século IX a Península Ibérica estaba ocupada polos musulmáns. Os hispanos, refuxiados nas montañas do norte da Península, formaron un pequeno reino en Asturias, dende onde empezaron a Reconquista. Santiago aparece neste momento, e o 4 de setembro do ano 829 Alfonso II, o Casto, rei de Asturias, manda construír no lugar onde apareceran os restos do Apóstolo unha igrexa, e nomea a Santiago Patrón de toda España.

Alfonso III (866-910) mandou construír unha segunda basílica. Almanzor destruíuna.

E San Pedro de Mezonzo (997-1003) reconstruína en parte e Diego Xelmirez e os seus sucesores iniciaron unha terceira basílica.

No ano 1095 o papa Urbano II trasladou a sé episcopal dende Iria Flavia a Compostela.

Imos ver polo miúdo a orixe e evolución da obra arquitectónica xacobeá

O Templo que acolle os restos do Apóstolo Santiago pasou de modestísima igrexa prerrománica a grandiosa catedral con mezcla de estilos. É considerada por moitos como a máis grande representación do románico español a súa construción foi un proceso que durou un milenio.

A actual catedral de Santiago o Maior o Zebedeo en Compostela é resultado como xa dixemos de mil anos de evolucións e múltiples proxectos, engadidos e modificacións. Trátase da terceira edificación construída no mesmo lugar e có mesmo propósito.

A Catedral ocupa un área de 8300 metros cadrados, contando o claustro, pazo arcebispal e todas as súas dependencias.

ORIXE

A primeira edificación –aparte do primitivo mausoleo romano ou celta , probablemente bicameral– foi unha sinxela igrexa prerrománica erexida por [Alfonso II el Casto](#) –o primeiro peregrino– no segundo tercio do século IX; a segunda, unha basílica románica de certo relevo, promovida por [Alfonso III](#) cara o 890 e destruída por [Almanzor](#) no 997; a terceira e definitiva, unha gran igrexa e despois [catedral románica](#), do tipo denominado “[igrexa de peregrinación](#)”, iniciada por San Pedro de Mezonzo a finais do século XI, que experimentou grandes modificacións entre os séculos XV e XIX, as máis determinantes de estilo barroco na fachada oeste nos séculos XVII e XVIII. A mellor proba da vitalidade do monumento é a súa constante evolución.

En esencia, o conxunto presente, culminación da terceira edificación, é mezcla dun proxecto románico, iniciado no 1075 e consagrado en 1211, e outro barroco, dos séculos XVII e XVIII, que alterou enormemente a fisonomía da fachada oeste, que da á [Plaza do Obradoiro](#).

Ademais de románico e barroco, o Templo contén elementos góticos, os tres en diversas variantes, constituindo unha orixinal mezcla de estilos arquitectónicos do occidente europeo.

O PROXECTO ROMÁNICO(1075-1211)

Arrasada a cidade e a segunda igrexa de Santiago en agosto de 997 , o bispo [Pedro de Mezonzo](#) salvou as reliquias gracias a unha rápida evacuación e acto seguido reconstrúe o Templo un mínimo que asegure a continuidade do culto. Tería que pasar case que un século ata que o bispo Diego Peláez iniciara as obras da nova basílica, impulsadas decisivamente polo seu sucesor na sede compostelana, o carismático arcebispo [Diego Xelmírez](#), e polos sucesores deste, especialmente [Pedro Suárez de Deza](#), ata o seu remate e consagración polo arcebispo Pedro IV Muñiz en 1211.


O traslado do bispado de Iria Flavia a Compostela e a súa conversión en arzobispado baixo Xelmírez, todo encadrado na creciente popularidade da [peregrinación xacobeá](#), fixeron que as pretensións da nova igrexa, de seguido catedral, superaran amplísimamente as do anterior. O novo edificio, con notable influencia das outras catro “igrexas de peregrinación” francesas (San Martín de Tours, San Marcial de Limoges, San Sernín de Toulouse, Sta Fe de Conques) presenta, a imitación da cruz de Cristo, planta de cruz latina, pero con unhas proporcións “a medida humana” (10:7) entre os corpos lonxitudinal e transversal, pola lonxitude, superior ao habitual, da transversal (transepto). A cabeza da cruz mira cara xerusalén. Detrás do altar maior sitúase unha nave semicircular, a xírola, tamén característica das igrexas de peregrinación, da que surxen cinco capelas absidais. Ambos corpos contan cunha nave central de bóveda de cañón e dous laterais de bóveda de arista. A menor altura das laterais posibilitou a entrada de luz e a creación dunha longa tribuna para asistentes aos oficios na parte alta, e, ademais, fundamental nunha igrexa de este tipo, a segregación das funcións exclusivamente xacobeas e o tránsito de peregrinos polo perímetro sin entorpecer as demais actividades do templo. Os arquitectos foron segundo o Codex Calixtinus Bernardo el Viejo y Roberto na primeira etapa (ata 1140), e Esteban y Bernardo el Joven, neto del Viejo, na segunda (ata 1188).

Na segunda etapa enmárcase a aportación do mestre Mateo, xenial escultor románico artífice do [Pórtico da Gloria](#) e do coro pétreo e do arquitecto Fernando II de León. O pórtico representa a visión apocalíptica de San Xoán, con Cristo glorificado no centro, rodeado dos catro Evangelistas. Ao lado unha multitude de persoaxes de menor tamaño que representan as doce tribus de Israel o pobo elixido, e algunhas esceas do Antigo Testamento á súa esquerda, e o pobo pagano á dereita. Por riba temos unha das representacións máis famosas do Pórtico: os vintecatro anciáns do Apocalipsis cos seus instrumentos musicais. Debaixo da figura de Xesús, no parteluz, atopamos a figura do Apóstolo Santiago sedente acollendo aos peregrinos..

A gran remodelación barroca da portada occidental –do Obradoiro– respondeu de feito á necesidade de solucionar non só problemas estruturais, senón tamén o deterioro do Pórtico da Gloria. Resulta así que a xoia barroca cubre e protexe a xoia románica.



O conxunto románico medía 100 x 70 metros. Presentaba dez portas, tres maiores, profusamente decoradas con esculturas, relieves e capiteles (norte, oeste e sur; plazas do Paraíso -chamada así porque os peregrinos ao chegar a Santiago entraban por ela e saía polo Pórtico da Gloria- o Azabachería, do Obradoiro e a de Platerías respectivamente), e sete menores, así como nove torres, dúas en cada fachada e tres no cruceiro, xunto con 120 ventanas. Da cabeceira sobresalían cinco capillas radiales, cuadrada a primeira (notable particularidad), e dúas en cada brazo do transepto. As reliquias do primeiro apóstolo mártir, ubicadas baixo a Capela Maior da ábside, dispoñían por fin dun mausoleo acorde coa súa importancia como centro de peregrinación de máximo nivel, xunto con Jerusalén e Roma, da cristiandade.



O interior da catedral ten forma de cruz latina e tres naves rodeadas por 25 capelas; a nave central ten 24m de altura e está separada das laterais, e unha galería interior de 118 balcones.

A cúpula é Gótica e forma un polígono con fiestras e columnas bizantinas, atravesan horizontalmente a cúpula catro arcos dourados que se cruzan no centro donde un inxenioso sistema de poleas suxeita o "Botafumeiro", que é un gran incensario. A capela maior de orixe románico aínda que reconstruído no século XVI álzase sobre a cripta na que se atopan os sepulcros de Santiago e dos seus discípulos, á que se chega a través dun pasadizo.

Polo exterior:

A fachada do Obradoiro, que data do século XVIII, é unha obra mestra de estilo barroco feita polo arquitecto Casas y Novoa. Destacan as dúas torres principais, a Torre das Campás e a Torre da Carraca, que están edificadas sobre as torres románicas orixinaies, moito máis pequenas, así como o tríptico situado no medio que proporciona ao conxunto un aspecto de maxestuosidade e luminosidade que deslumbra ao visitante.

A fachada das Platerías é notable pola súa fermosa cuncha e a súa portada chea de estatuas e relevos, dúas bonitas fiestras ábrese baixo os arcos superiores, apoiados en caprichosas columnas; as fiestras son de menor diámetro que os arcos. Os tímpanos dos dous portais nos que se divide a porta desta fachada, ofrecen en relevos a tentación e a Paixón de Xesucristo e sobre eles aparece Cristo rodeado de Santos e apóstolos.

Sobre a fachada do Reloxio e a Porta Santa álzase a torre do Reloxio a unos 75m, edificada por Rodrigo del Padrón, e á súa morte, por Berenguel de Landora. Ante a Porta Santa ábrese un pequeno patio con sepulcros cerrados por unha reixa de ferro; a Portada da Porta Santa é cuadrilonga, flanqueada por seis columnas, e na súa parte superior tres arcos calados que cobixan unha escultura de Santiago. A Porta Santa ábrea ao inicio do Ano Santo o arcebispo e tamén a pecho ao rematar o Ano.

AS ICONOGRAFÍAS DE SANTIAGO

Santiago aparece representado en tres formas diferentes:

Como apóstolo: vestido cun manto longo, sentado, con un libro nas mans. Algunhas veces aparece descalzo. Outras veces aparece con unha espada, que simboliza o seu martirio.

Como peregrino: vestido con manto de peregrino, cun sombreiro na cabeza, un bastón con unha calabaza nunha man, un libro na outra man, unha vieira colgando.....

A cabalo: Bandeira, alma e patrón da Reconquista. Aparece montado a cabalo, coa espada en alto, e varios guerreiros musulmáns.

AS PEREGRINSCIÓN A COMPOSTELA

A Catedral de Santiago é meta das peregrinacións



Dende o momento en que apareceu a tumba de Santiago, pronto comezaron as peregrinacións. Durante a Idade Media os monxes da poderosa orde de Cluny fomentaron as peregrinacións e a Compostela chegaban peregrinos procedentes de toda Europa e incluso de Oriente. No século XI os reis Sancho o Maior de Navarra e Alfonso VI de León estableceron a traza do Camiño Francés.

Nos séculos XI e XII as peregrinacións a Santiago alcanzaron o momento de maior esplendor.

Os peregrinos eran considerados como enviados de Deus, como homes diferentes e cun espírito superior ó común.

Arredor do Camiño naceu a cidade de Santiago de Compostela e tamén foron nacendo mosteiros e hospitais para acoller ós peregrinos. Incluso moitos pobos naceron por e para o Camiño. E aínda hoxe hai pobos que teñen no Camiño a principal razón da súa existencia.

No século XII o crego francés Aymeric Picaud presentou o "Liber Sancti Iacobi", tamén coñecido como "Códex Calixtinus", composto por cinco libros e varios documentos soltos. No libro V informase con detalle dos treitos do camiño, santuarios, fontes, lugares para comer e hospedarse os pobos, as xentes e os costumes locais.... Pode considerarse unha guía medieval para peregrinos.

O papa Calixto II (1118-1124) instituíu o "Ano Santo Xacobeo" outorgando o Xubileo indulxencia plenaria ós que peregrinasen a Santiago nos anos en que o 25 de xullo (día de Santiago) coincidise en domingo. Este privilexio foi confirmado polo seu sucesor Alexandre III (1159-1181) na Bula Regis Aeterni. Todo isto impulsou aínda máis as peregrinacións a Compostela.

Pero no século XIV a "peste negra", as guerras, e outras catástrofes que sufriu o continente europeo, fixeron que comezase a decadencia das peregrinacións. E a partires do século XVI, despois da Reforma Protestante, en España empezou a medrar a desconfianza e o recelo respecto dos peregrinos que viñan dos países de Europa. Había medo de que trouxesen ideas "enemigas". E continuou a decadencia da peregrinación a Compostela. Felipe II foi un dos que puxo máis atrancos á circulación de peregrinos, e, no ano 1590, prohibíu o uso do traxe de peregrino por os naturais do país, e esixíu que os peregrinos extranxeiros trouxesen documentos que os acreditasen.

A finais do século XVIII e XIX case que desapareceron as peregrinacións a Compostela, e o Camiño, o seu espírito e a súa infraestrutura física e material, convertíronse pouco a pouco en ruínas cheas de vellas telarañas ignoradas e agochadas no casi completo esquecemento. E, por poñer un exemplo, cóntase que o 25 de xullo de 1867 non había máis de 40 peregrinos na cidade de Santiago de Compostela.

Ata que no Ano Santo de 1982 o papa Xoan Paulo II peregrinou a Santiago de Compostela. Na cripta da Catedral, fronte á tumba do Apóstolo, púxose unha placa que reza: *"Yo Obispo de Roma y Pastor de la Iglesia Universal, desde Santiago te lanzo, vieja Europa, un grito lleno de amor: vuelve a encontrarte, se tu misma"*. El papa en su peregrinación a Compostela. 9 de noviembre de 1982. Placa sita na cripta da Catedral de Santiago, fronte a tumba do Apóstolo.

Nos derradeiros anos do século XX e nos comezos do XXI está rexurdindo con moita forza a peregrinación a Compostela, e cada ano que pasa aumenta o número de peregrinos. Polos camiños físicos dende que empeza o ano ata que remata vese un regeiro contínuo de persoas que camiñan cara Santiago, e polos camiños incorpóreos do pensamento o espírito do Camiño de Santiago estése expallando polo mundo enteiro a través da literatura, da fotografía, do cine, das páxinas web, ... Estamos diante dun rexurdimento espiritual de consecuencias incalculables.

As estadísticas existentes demostran que nos derradeiros 20 anos o aumento do número de peregrinos que chegan a Compostela é alucinante. Nos anos 1985 e 1986 chegaban a Santiago menos de 2.500 peregrinos por ano. Pero o número de peregrinos foi aumentando paulatinamente ano tras ano, e así, por exemplo, no ano 2002 (sin ser Ano Santo) chegaron a Santiago 68.952 peregrinos. Nos "Anos Santos" o número de peregrino é moito mayor, este ano 2010 é un rexurdimento das peregrinacións máis de 250.000 peregrinos rematan o Camiño . E ademáis hai que ter en conta que moitos peregrinos fan tramos intermedios do Camiño, sin chegar a Santiago, e non están contados nestas estadísticas.

Ao longo dos séculos a maneira de entrar na catedral variou, e aínda que hoxe áccedese á Catedral pola Porta Santa, situada na Plaza da Quintana para unha vez dentro darlle un abrazo ao Apóstolo e rezar ante o seu sepulcro para despois confesar asistir á misa e comungar, para gañar o xubileo (indulxencia plenaria) podendo admirar o botafumeiro, percorrer a continuación e contemplar a gran beleza da Catedral cumprimentar o que lle resta para acadar a compostela percorrer a cidade e deterse na grande riqueza relixiosa e civil da cidade de Compostela, non sempre foi desta maneira. O peregrino chegaba á catedral pola porta norte, francígena ou da Azabachería, chamada tamén do Paraíso polos motivos representados nela e porque a culminación do Camiño de Santiago otorgaba indulxencia plenaria dos pecados. Realizaba as últimas abluciones na fonte da plaza do mesmo nome, Paraíso, chea sempre de cambistas, mercaderes e hospederos na busca de clientes, e accedía ao Templo para confesar e asistir á Eucaristía. A continuación o peregrino recorría pola dereita todo

o perímetro interior ata chegar á cabeceira, donde podía orar e confesar na capela da Magdalena, a espaldas da Maior, e tramitar la a Compostela nunha dependencia habilitada a tal efecto –cuestión importante por diversas razóns, particularmente se a peregrinación obedecía a sentenza xudicial civil ou eclesiástica–. Logo o abrazo ao santo, sendo normal dormir polo menos a primeira noite no Templo –de ahí a función antiolor do botafumeiro–.

Subían aos tellados e observaban a cidade . Nun pilón cunha cruz encima –a Cruz dos Farrapos queimábanse as roupas vellas (harapos) e renaciáase simbólicamente. Antes de regresar, adicábanse a visitar outros templos de renombre e a cidade. Algún seguían ata Santa María das Areas en Finisterre. Tamén hoxe hai interese por subir as cubertas da Catedral e continuar cara Finisterre, pero hai algo que non cambiou co paso do tempo a necesidade que temos de camiñar e chegar a Compostela un “Camiño exterior pero sobre todo interior”.

OS “CAMIÑOS” DE SANTIAGO

Según di o Codice Calixtino e según consta en moitos outros documentos da época, no século XII viñan de Europa cinco grandes vías, que entraban en España por dous puntos dos Pirineos: Roncesvalles (en Navarra), e Somport (en Aragón). Estes dous camiños, navarro e aragonés, xuntábanse en Ponte la Reina. E dende aquí xa había un único camiño hasta Santiago.

Pero antes do "Camiño Francés" existiu o "Camiño Primitivo", que viña dende Asturias a Santiago. E, a partires do século XIV, fóronse abrindo outros camiños.

E hoxe, so dentro de España, atopamos os seguintes camiños:

- **O Camiño Francés**, coas súas dúas ramas navarra e aragonesa das que antes falamos. Dende Ponte la Reina sigue por Estella, Viana, Logroño, Nájera, Santo Domingo de la Calzada, Burgos, Hornillos del Camino, Castrojeriz, Frómista (¡Santo Deus, ¡qué fermosa é a igrexa de San Martín de Frómista!!Igrexa de San Martín de Frómista), Carrión de los Condes, Sahagún, León, Astorga, Ponferrada, Villafranca del Bierzo, O Cebreiro, Sarria, Portomarín, Melide, Arzúa, ... e ¡Santiago!. Este é o "Camiño por antonomasia", o máis coñecido e o máis percorrido. No Camiño Francés, a Igrexa de San Martín de Frómista: é unha pequena-gran xoia do románico no Camiño Francés).

- **O Camiño mozárabe ou Vía da Prata**. Parte de Sevilla, sube por Extremadura, pasa por Salamanca e Zamora, entra en Galicia pola Gudiña, e segue por Campobeceros, Laza, Xunqueira de Ambía, Ourense, Cea, Oseira, Lalín, Silleda, ... e chega a Santiago. Ten outras variantes, como a que pasa por Verín, Allariz e Xinzo de Limia, ou a que dende Zamora sube a Astorga donde se xunta co Camiño Francés.

- **O Camiño Portugués**. Ten varias rutas. Unha delas parte de Lisboa e pasa por Sintra, Caldas da Rainha, Alcobaca, Coimbra, Porto, Tui, Redondela, Pontevedra, Caldas de Reis e Padrón, chegando finalmente a Santiago.

- **O Camiño Inglés**, que vai dende Coruña ou Ferrol a Compostela. Os peregrinos chegaban en barco dende Inglaterra ás costas Galegas, e logo facían por terra o camiño ata Santiago. O Camiño que sae de Ferrol pasa por Xubia, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Betanzos, Bruma, Ordes, A Igrexa (Oroso), Sigueiro e Santiago. O que sae da Coruña pasa por O Burgo, Cambre e Carral, e xúntase en Bruma co que ven do Ferrol.


- **O Camiño do Norte**. Vai beira do mar Cantábrico, dende San Sebastián (Donostia), pasando por Bilbao, Santander e Oviedo, entra en Galicia por Ribadeo, e vira logo cara o SO xuntándose co Camiño Francés en Melide. A derradeira parte deste camiño, dende Asturias a Santiago, sería o Camiño Primitivo, que seguirían os primeiros peregrinos que dende o pequeno reino de Asturias virían a Compostela. Camiño do Norte.

-Camiño Primitivo, continúa ata a Costa da Morte, que siguen os peregrinos que despois de chegar a Compostela, queren seguir camiñando ata chegar a Finisterre, para alí cumprir co rito de queimar á beira do mar as roupas usadas durante a peregrinación.

RUTAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN ESPAÑA



O CAMIÑO DE SANTIAGO EN GALICIA



A VIA DA PRATA

Imos ver polo miúdo a ruta da Vía da Prata que é a que pasa por Lalín, o noso pobo.

No texto aparecen: En cor negra tódolos concellos polos que pasamos e en cor azul os lugares destacados polo seu interese relixioso e cultural.

A CANDA

A Vía da Prata, entra na provincia de Ourense polo porto de Portela da Canda, municipio de A Mesquita e sigue ata A Canda e Vilavella. A igrexa está adicada a Santa María da Cabeza.

A GUDIÑA

- [Igrexa de San Martiño](#)



A igrexa de San Martiño de A Gudiña foi construído ao longo dos séculos XVII e XVIII cunha interesante fachada a xeito de frontón.

- [Serra Seca](#)

- [aldea](#)
- [encrucillada](#)
- [montaña](#)



- [A Venda da Teresa](#)

- [igreja](#)
- [montaña](#)



A Venda da Teresa é unha parroquia de Santiago de Carracedo da Serra que esconde unha das igrexas xacobeas da ruta. A advocación do santuario ao Apóstolo queda manifestada coa imaxe de Santiago Peregrino na súa fachada e no retablo do seu interior.

– **Santuario de Pena Tallada**

- [santuario](#)



Algúns peregrinos desviabase en Mourisca para visitar este santuario mariano de Pena Tallada

– **Alto de San Mamede**

- [capela](#)
- [montaña](#)



Despois de visitar o santuario de Pena Tallada, o camiño diríxese cara o alto de San Mamede, onde tamén se atopa unha capela que da fe de transcurso da antiga ruta cara a Compostela.

LAZA

– **Santa María da Alberguería**

- [igreja](#)



No Camiño atopámonos con Santa María da Alberguería, onde existiu unha pousada para viaxeiros e un hospital de caridade para o peregrino. A igrexa da Alberguería data do século XVII e conserva tallas de San Miguel e Santiago Apóstolo.

VILAR DE BARRIO

– **Casa Grande de Bóveda**

- [capela](#)
- [pazo](#)



Xa en Vilar de Barrio, o camiño entra na capital do municipio e continúa ata o lugar de Santa María de Bóveda, onde se atopa a Casa Grande do Marqués de Bóveda de Limia, cabaleiro de Santiago, ademais da capela fundada por el.

– **Miliario romano**

- [historia](#)
- [Vilar de Barrio](#)



Miliario da Vía romana XVIII do Itinerario de Antonio.

Nas proximidades de Sobradelo escóndese a Vía Augusta que comezando en Bracara Augusta (Braga, Portugal), vertebrou o noroeste da Península Ibérica. En Sobradelo atopase un miliario da vía, unha das columnas que indicaban a distancia de mil pasos.

XUNQUEIRA DE AMBÍA

– **Monasterio de Xunqueira**

- [mosterio](#)
- [Vía Prata](#)



A principal fonte de documentación histórica do municipio de Xunqueira de Ambía atopase nos textos deste mosteiro, nos que xa aparecen noticias do levantamento dunha capela no século IV, aínda que foi no século VIII cando se erixiu o mosteiro e, a partir de 1150, cando alcanzou o seu máximo esplendor.

– **Santa María de Augas Santas**

- [arqueoloxía](#)
- [lenda](#)
- [santuario](#)



O conxunto histórico-artístico de Santa Mariña das Augas Santas conmemora o lugar onde a tradición conta que se martirizou á santa. No lugar atopamos un santuario do século XIII, de nave única que alberga retablos barrocos, mentres que a súa fachada presenta trazos góticos a causa das reformas posteriores.

A lenda conta ademais que a santa foi martirizada no lugar onde se levanta unha igrexa inacabada. O edificio esconde un depósito subterráneo de orixe celta, os fornos crematorios que máis tarde se coñecerían como “Os fornos da Santa”.

- **Dende aquí hai dúas rutas distintas que se poden seguir: unha é a ruta que dende a Gudiña se une ó Camiño Portugués que procede de Chaves, pasa por Feces de abaixo para continuar por Verín, Monterrei e Laza; e a outra que comento máis adiante vai ata Allariz, para finalmente xuntarse en Ourense para seguir un único camiño ata Santiago.**

VERIN

- **[Tierras de Verín](#)**

- [conxunto histórico](#)
- [fortaleza](#)
- [Monterrei](#)
- [prehistoria](#)



[Castello de Monterrei](#)

- [castelo](#)
- [conxunto histórico](#)
- [fortaleza](#)



Pódese seguir como comentei anteriormente tamén por Xinzo de Limia, Sandiás e Allariz. O camiño únese en Ourense para continuar sendo un único camiño ata Compostela.

XINZO DE LIMIA

- [Santa María de Xinzo](#)

- [templo](#)



Antes de chegar a Xinzo atopámonos coa igrexa románica de Santa María de Xinzo.

SANDIÁS

- [Parroquial de Santo Estevo](#)

- [Sandiás](#)
- [templo](#)



Vilar de Sandiás esconde unha das poucas mostras arquitectónicas do renacemento galego, construída por Bartolomé de Nosendo no século XVI. Consta dunha soa nave e destaca polo estilo Manuelino da súa fachada. O austero templo acolle unha obra de gran valor para a arte ourensana, o seu retablo maior do século XVII, obra de Francisco de Moure.

- **ALLARIZ**

- [Conxunto histórico](#)



Arquitectónicamente, a vila de Allariz é unha conxunción admirable dos elementos militar, relixioso e civil. A categoría cultural de Allariz é unha historia gloriosa que ten como feitos principais a educación xuvenil de dous dos grandes sabios españois, Alfonso X e o Padre Feijoo. Allariz acolleu a formación dos príncipes e infantes do XII ao XIV, a corte literaria de Alfonso IX, Fernando III e Alfonso X, e baixo este, a compilación das cantigas, focos intelectuais e artísticos na idade moderna.

OURENSE

Ourense é unha cidade de fundación romana, non obstante, os descubrimentos arqueolóxicos indican un asentamento prehistórico na circunscrición.

- Casco histórico de Ourense

- [conxunto histórico](#)
- [monumento](#)



A Catedral de Ourense, segundo a lenda, ten a súa orixe nun templo que mandou construír a mediados do século VI o monarca suevo Kariarico, en agradecemento a San Martiño de Tours, ao que pediu axuda ao enfermar o seu fillo. Das distintas capelas que ten a catedral, a máis importante é a do Santo Cristo, cunha imaxe moi venerada na cidade á que, segundo contan, médralle o pelo.

- As Burgas

- [fonte](#)
- [termas](#)



- Aguas termais de Ourense

- [termas](#)



- Ponte Vella de Ourense

- [monumento](#)
- [ponte](#)



Ademáis da Catedral un dos monumentos máis significativos de Ourense é a Ponte Romana o coñecido como "Ponte Vella".

- **VILAMARIN**

- **Pazo de Vilamarín**

- [fortaleza](#)
- [pazo](#)



CEA

- **Pan de Cea**

- [Cea](#)



A historia da tradición panadeira de Cea corre paralela a do Mosteiro de Oseira, sendo subministradora de pan a moitas outras parroquias, aproveitando a súa localización nun cruzamento de camiños, entre eles precisamente a Vía da Prata. As tahonas de Cea foron convertendo a Cea na "vila do bo pan", como aparece nomeada nunha guía de 1883.

- **Mosterio de Oseira**

- [Cea](#)
- [monasterio](#)
- [monumento](#)



No ámbito da arquitectura relixiosa, a obra máis representativa do municipio de Cea é o mosteiro de Santa María A Real de Oseira, do século XII, Nel conxúganse mostras dos estilos renacentista, gótico e barroco. A igrexa, a sala capitular e o claustro foron declarados Ben de Interese Cultural en 1923, outorgándolle en 1989 o Premio Europa Nostra polo traballo de restauración da edificación.

DOZÓN

Dende Oseira retómase a ruta ata Dozón onde se atopa a igrexa mosteiral de San Pedro, na súa orixe foi mosteiro de monxas benedictinas.



LALIN

- [Igrexas](#)
- [río](#)
- [carballeira](#)

Destacamos en primeiro lugar a igrexa parroquial de Lalin e a de Lalín de Arriba por ser as dúas que se atopan na vila, xa que o Camiño non pasa pola vila.



Igrexa de Santa María das Dores, parroquial de Lalín



Igrexa de San Martiño Lalín de Arriba, tiña anexo un mosteiro feminino

Como sinalaba antes o Camiño non pasa polo casco urbano de Lalín pero si o percorre. Entra no concello de Lalín pola parroquia da Xesta, adentrándose aos poucos Km na parroquia de Botos, segue pola parroquia de Donsión e o seguinte que nos atopamos é a parroquia de Bendoiro a ruta pasa moi perto da carretera xeral 525 que enlaza Ourense con Santiago, ata a parroquia de Prado para abandonar o Concello de Lalin cruzando unha ponte medieval sobre o río Deza na parroquia de Santiago de Taboada xa no concello de Silleda.

Vemos agora en imaxes o percorrido



Capela da Xesta



Igrexa de San Xoán de Botos



Igrexa parroquial de Donsión



Igrexa de Bendoiro



Igrexa parroquial de San Martiño de Prado

SILLEDA

Abandonamos o Concello de Lalín en Ponte Taboada e entramos no de Silleda



Igrexa de Santiago de Taboada e cruceiro



Igrexa parroquial de Silleda

A ruta pasa pola capital municipal de Silleda , e os últimos tramos deste camiño de peregrinación transcurre polos concellos de A Estrada, Vedra, Boqueixón e Santiago.

Á saída de Silleda, a ruta pasa polo Foxo, Margarida e Chapa, cunha igrexa dedicada a San Cibrao que tivo nas súas inmediacións un hospital dedicado a peregrinos

- **CHAPA**

- [San Ciprián de Chapa](#)



Continua o Camiño, e ao lonxe cústanos ver o campanario da igrexa de Chapa no medio dos tellados das casas.

LOIMIL

- [Santa María de Loimil](#)

- [templo](#)



Santa María de Loimil é un templo románico de planta rectangular, construída durante a segunda metade do século XII. As reminiscencias xacobeas quedan expresadas na porta do muro sur, onde atopamos un lintel pentagonal ou compostelano.

SANTA CRUZ DE RIBADULLA - VEDRA

- [Ponte de Ponte Ulla](#)

- [ponte](#)
- [Vedra](#)

Trátase dunha obra de arquitecto compostelano Tomás del Río e data da segunda metade do século XVIII.

- **Cruceiro de A Madanela**

Trátase dun cruceiro no que se representa un Cristo e a Virxe das Angustias, se atopa en plena Vía da Prata ao seu paso por Ponte Ulla, fronte á igrexa da Madanela.

BOQUEIXÓN

- **Pico Sacro**

- [lenda](#)
- [traslatio](#)



Elevación orográfica no camiño xa cerca de Compostela. Dende o cumio do Pico Sacro tense xa unha bela panorámica da cidade. É fonte de numerosas lendas asociadas co Apóstolo, como a da Raiña Lupa: Los discípulos del Apóstolo pedíronlle un carro e bois para poder transportar o corpo e un lugar para darlles sepultura, pero a perversa raiña ofreceulles uns touros salvaxes para acabar con eles. E, os touros atacáronnos, pero cando estaban a punto de morrer, os homes arrodilláronse comezaron a rezar, e os touros amansaron. Vendo este milagre, a raiña Lupa convertiuse ao cristianismo e ofreceulles como lugar de enterramento o “campo das estrelas” donde nove séculos despois sería “recuperado” o corpo do Apóstolo Santiago Apóstol.

SAR

- **Colexiata de Santa María del Sar**

- [convento](#)
- [monumento](#)



Construída ás beiras do río Sar, a característica máis sobresaínte da Colexiata do Sar son os arcobotantes do seu exterior, feitas para protexelo da derruba, xa que por diferentes motivos, os muros do seu interior están visiblemente inclinados. Este trazo danlle unha beleza tan peculiar como impresionante ao templo, que se coroou cunha bóveda no s.XVI.

- **SANTIAGO DE COMPOSTEIA**
- **Casco histórico de Santiago**



A CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ademais da Catedral donde se atopan os restos do Apóstolo e gran cantidade de referencias a el e imprescindible ver a fachada do Obradoiro, a Porta Santa, os tellados da Catedral, a zona vella de Santiago de Compostela, ao redor da tumba de Santiago o Maior, é un conxunto arquitectónico de extraordinario valor cultural. Por iso, ademais de pola súa profunda significación espiritual como centro de peregrinación para a cristiandade, a cidade foi declarada pola Unesco Patrimonio Cultural de la Humanidad en 1985

Ímonos deter nalgúns monumentos relixiosos de Santiago.



Antiga igrexa da universidade



Capilla de Ánimas

Ademais das igrexas son destacables o mosteiro de San Martiño Pinario o segundo máis grande de España despois do Escorial



Mosteiro e igrexa de San Martiño Pinarío



Convento e igrexa de San Domingos de Bonaval, unha das capelas está adicada a Panteón de Galegos Ilustres



Igrexa e mosteiro de San Francisco.

Biblioweb

www.vatican.va
www.archicompostela.org
www.corazones.org/biblia
www.biblia.catholic.net
www.aciprensa.com/biblia
www.lalin.org/parroquias
www.jacobeo.net
www.caminosantiago2010.es(Mapas vituales)
www.caminosantiago.org(listadowebs)
www.santiago.es
www.ventealcamino.org
www.caminosantiago.com(peregrinos ilustres)
www.guiarte.com/grandesrutas
www.mundicamino.com
www.caminosantiago.com.es(Ministerio de cultura, con xogos e material interactivo)
www.euroaventura.net/indexf taller.htm
www-infocamino.com
www.ventealcamino.org
www.1románico.com/004/ruta
www.caminodesantiago.consumer.es
[www.es.wikipedia.org/wiki/Caminode Santiago](http://www.es.wikipedia.org/wiki/Caminode_Santiago)
www.compostela.virtual.com